




XXVI CONCENTRACIÓN DE ESCOLAS DE VELA DE GALICIA

E

REGATA COPA DEPUTACIÓN DE OURENSE

CLASE OPTIMIST 



CLUBE NAUTICO
CASTRELO DE MIÑO

CLUBE NÁUTICO CASTRELO DE MIÑO
5, 6 e 7 de Setembro de 2024



INSTRUCCIÓN DE REGATA

1º.-ESCENARIO

1.1- A XXV Concentración de Escolas de Vela e Regata Copa Deputación de Ourense de carácter autonómico local para a clase optimist celebrarase os días, 5, 6 e 7 de Setembro do 2024, nas augas do encoro de Castrelo de Miño, sendo organizadas polo C. N. Castrelo de Miño.

2º.- REGLAS

- 2.1- A regata rexerese por:
- As *reglas* de regata tal e como se definen no “Reglamento de Regatas a Vela” da ISAF 2021 – 2024 (RRV).
 - Prescricións da Real Federación Española de Vela.
 - Reglamento de Competicións da F.G.V.
 - Reglas da Clase Internacional Optimist agás o que resulte modificado polas Instrucións de Regata.
 - Anuncio de Regata.
 - Instrucións de Regata.
 - En caso de discrepancia entre o anuncio de regatas e as instrucións de regata prevalecerán éstas últimas.

3º.- MODIFICACIÓN AS INSTRUCCIÓN DE REGATA E AVISOS OS PARTICIPANTES

3.1- Os avisos os participantes serán publicados no TOA Virtual, no enlace:
<https://escora.rfgvela.es/toa/xxvi-concentracion-de-escolas-de-vela---copa-deputacion-ourense>

3.2- Os avisos do Comité de Regatas ou modificacións a Instrucións de Regata serán publicados (acompañados do sinal pertinente) non mais tarde de 1 hora antes da primeira sinal de atención do día, excepto un cambio na programación das probas que será publicado antes das 22:00 horas do día anterior a súa efectividade.

4º.- SINAIS EN TERRA

- 4.1- O mastro de sinais está situado ao fronte do pantalán da organización.
- 4.2- O gallardete de “intelixencia” acompañado de 2 sinais fónicas significa que as probas quedan aprazadas.
- 4.3- O izado da bandeira Delta con un sinal fónico, significa: **“os participantes poden dirixirse á zona de regatas, o próximo sinal de atención non se dará antes de 25 minutos”**. Ningún barco pode abandonar a zona de varada antes de que se largue este sinal,

salvo autorización expresa do Comité de Regatas.

5º.-FORMATO DE COMPETICIÓN E NÚMERO DE PROBAS

5.1- En todas as probas navegarase en flota.

5.2- Hai programadas 9 (Nove) probas das que se deberá completar polo menos 1 (unha) para a validez da regata.

6º.- PROGRAMA

Data	Hora	Acto
05/09/23	12:00-18:00horas	Desinfección de material
	15:30-17:30 horas	Apertura Oficina de Regatas Rexistro de participantes
	18:00 horas	Reunión de adestradores
	18:30 horas	Sinal de Saída 1ª Proba día
06/09/23	09:30 horas	Almorzo
	13:30 horas	Xantar
	16:00 horas	Sinal de Saída 1ª Proba día
07/09/23	09:30 horas	Almorzo
	13:30 horas	Xantar
	16:00 horas	Sinal de Saída 1ª Proba día
	20:15 horas	Entrega de Premios

- 6.1- Non se poderá dar ningunha saída despois das 20:30 h.
- 6.2- O 07/09/21 non se dará a saída mais tarde das 19:30 h.
- 6.3- As probas serán numeradas consecutivamente según a orde en que se navegaron.
- 6.4- O finalizar cada proba, si o barco do Comité de Regatas en disposición de chegada enarbora a bandeira “2º repetidor” do CIS, estará indicando que se celebrará outra proba en canto as condicións o permitan.

7º.-IDENTIFICACIÓN DE EMBARCACIÓNS OFICIAIS

- 7.1- Os barcos do Comité de Regatas identificaranse cunha bandeira de cor amarela.

8º.-PERCORRIDOS

- 8.1- O percorrido da REGATA COPA DEPUTACIÓN DE OURENSE será o amosado no anexo 1. Os participantes da XXVI CONCENTRACIÓN DE ESCOLAS deberán realizar o recorrido exposto no anexo 2.
- 8.2- O Oficial de Regata preparará un percorrido que se poida cubrir **aproximadamente en 40 minutos**. Unha duración da proba maior ou menor da indicada non será motivo para solicitar unha reparación.

9º.- BALIZAS

- 9.1- As balizas distribuiranse da seguinte maneira:

Baliza de saída:	Amarela Grande
Balizas de percorrido:	Amarelas Grandes
Baliza de meta:	Laranxa Mediana

10º.- SINAIS DE SAIDA

SIGNIFICADO	SEÑAL VISUAL	SEÑAL FÓNICA	MINUTOS PARA SALIR
ATENCIÓN	Bandeira de la Clase, Izadas	Bocinazo	5
PREPARACIÓN	Bandeira “P”, “U” del CIS o Negra izada	Bocinazo	4
ULTIMO MINUTO	Bandeira “P”, “U” del CIS o Negra arriada	Bocinazo largo	1
SALIDA	Arriado Bandeira Clase do CIS	Bocinazo	0

- 10.1- A bandeira dos participantes na Copa Deputación será a “V” do CIS.
- 10.2- A bandeira dos participantes na concentración de escolas de vela será a “O” do CIS.
- 10.3- Realizaráanse 2 saídas, a primeira para os regatistas da Copa Deputación e facendo coincidir esta saída coa chamada de atención dos participantes na XXV Concentración de Escolas de Vela.
- 10.4- Ningún barco sairá mais tarde de 4 minutos despois do sinal de saída. O que así o faga será clasificado como DNS. Isto modifica a Regra A4.1
- 10.5- O barco do Comité de Regatas poderá manter a súa posición a motor si as condicións fosen desfavorables.

11º.-CHAMADAS

- 11.1- As chamadas faranse conforme a regra 29 do RRV, e ademais:

12º.-CAMBIOS DE RECORRIDO E LONXITUDE DESPOIS DE SAIR

- 12.1- O cambiar o recorrido despois da saída, o Comité de Regatas fondeará unha nova baliza vermella mediana e levantará a baliza orixinal tan pronto como sexa posible.
- 12.2- Os barcos pasarán entre o barco do Comité de regatas que sinale o cambio, queterá consideración de baliza de recorrido e a baliza cercana (modifica a regra 28.1do RRV) deixando a baliza a babor e o barco do Comité de Regatas a estribor.
- 12.3- A baliza antiga será cambiada por unha baliza de forma e cor orixinais.

13º.-LIÑA DE CHEGADA

- 13.1- A liña de chegada estará determinada entre o mastro de bandeiras a bordo do barco do Comité de Regatas e unha baliza de cor laranxa situada a popa do barco do Comité de Regatas. O mastro do Barco do comité de Regatas levará unha bandeira amarela.
- 13.2- O barco de chegada do Comité de Regatas poderá manterse en posición a motor si as condicións o requiren.

14º.-SISTEMA DE PENALIZACIÓN

- 14.1- Un barco que se retire ou que efectúe unha penalización conforme as regras 31.2 ou 44.1, deberá cubrir un formulario de recoñecemento na oficina de regatas dentro do tempo límite para protestas.
- 14.2- As accións ou omisións do Comité de Protestas baixo a regra 67 do RRV, non constituirán motivo de solicitar unha reparación. (Modificación da regra 62.1(a) do RRV).

15º.-TEMPO LÍMITE

15.1- Os tempos límites móstranse na seguinte táboa. Se ningún barco pasa a primeira baliza dentro do Tempo Límite a proba será anulada. Un barco que non termine dentro dos 15 minutos despois da chegada do primeiro será clasificado como “non terminou” (DNF). Isto modifica as regras 35 e A 4.1

Tempo Límite para a Primeira Baliza	Duración pretendida	Tempo Límite para o primeiro
20	40	50

15.2- A duración pretendida e unicamente estimativa. Una duración da proba maior ou menor que a indicada non constituirá motivo para solicitar unha reparación.

16º.-PROTESTAS

16.1- As protestas presentaranse por escrito en formularios que estarán dispoñibles na Oficina de Regatas (Situada no Edificio Deportivo do Club, igual que a sala de protestas) e serán entregadas nesta ata 60 minutos despois da última proba do día.

16.2- A hora límite para solicitar reparación por outros feitos os acaecidos na auga rematará 30 minutos despois da exposición das clasificacións. Esta instrución modifica a regra 62.2 do RRV.

16.3- Os avisos de protestas e o programa de audiencias, especificando o barco da protesta e o protestado, publicaranse non mais tarde de media hora despois do findo prazo de protestar.

16.4- O último día de regata, unha parte nunha audiencia pode solicitar a súa reapertura só si a solicitude se recibe non mais tarde de 15 minutos despois da notificación da resolución (modificación da regra 66 do RRV).

17º.-PUNTUACIÓN

17.1- Aplicarase o Sistema de Puntuación Baixa, Apéndice A4 do RRV, coas seguintes indicacións:

- a) Si se navegaron 4 ou mais, probas descartarase a peor puntuación de cada embarcación (excepto si e pola regra 42).
- b) Aplicarase o sistema de desempates do Apartado A8 do Apéndice A do RRV.

17.2- Para a clasificación por escolas da XXVI CONCENTRACIÓN DE ESCOLAS DEVELA puntuarán os 4 mellores clasificados de cada escola.

18º.-VERTIDO DE DESPERDICIOS E BASURA

18.1- O vertido de desperdicios na auga está prohibido durante a regata. A penalización por incumprir esta Instrución de Regata será decidida polo comité de protestas e pode orixinar a descalificación do barco en todas as probas.

19º.- RESPONSABILIDADE




19.1- O Clube Náutico de Castrelo de Miño non asume responsabilidade algunha por danos que poidan surxir a participantes e embarcacións, antes, durante ou despois da Regata, por canto os participantes se inscriben e participan na mesma baixo a súa exclusiva responsabilidade e risco.



ANEXO 1


Percorrido Regata Copa Deputación



Os regatistas deberán realizar o percorrido deixando as balizas a babor na seguinte orde 1-2-3-4-3-4-meta.

ANEXO 2

Percurso XXVI Concentración de Escolas de Vela.



Os regatistas deberán realizar o percurso deixando as balizas a babor na seguinte orde 1-2-3-4-meta.